

ISTO NON É UN ACTO POLÍTICO

ÁRTIUM espazo cultural

XUNTA DE GALICIA

PRESENTACIÓN

Ártika Cía afronta un novo reto creativo e social co espectáculo *Isto non é un acto político*, unha dramaturxia de Tito Asorey e Manuel Cortés a partir do ensaio *Instrucións para converterse en fascista*, da autora italiana Michela Murgia.

Na compañía continuamos co noso obxectivo de **construír un teatro pegado á nosa realidade**, atento aos retos da contemporaneidade e concibido como un espazo de reflexión crítica, liberdade artística e encontro humano. Levámolo dicindo tempo: o mundo muda diante dos nosos ollos e asistimos ao ascenso de discursos totalitarios e antidemocráticos que penetran cada vez en máis ámbitos da sociedade.

Tras abordar esta problemática en *Non pasarán*, queremos continuar afondando nela desde o humor e a ironía. É o momento de traer ao galego *Isto non é un acto político*, unha **montaxe chea de retranca, divertida, dinámica, fondamente política e plenamente humana**, que combina comedia negra, charla TED e espectáculo musical para ofrecer ferramentas coas que comprender e confrontar o avance do pensamento totalitario, especialmente entre as xeracións máis novas.

O mundo apodrece arredor de nós



OBXECTIVOS DO ESPECTÁCULO

Isto non é un acto político parte dunha vontade clara: **comprender para poder confrontar.** A peza busca achegar ao público, desde o humor e a ironía, os mecanismos que permiten que o pensamento totalitario gañe presenza nas nosas sociedades democráticas. A partir de aí, o espectáculo abre a reflexión sobre o poder da linguaxe, a banalización dos discursos nas redes e nos medios, a manipulación do malestar social e a súa especial incidencia nas xeracións máis novas. Tamén alerta sobre os paradoxos da tolerancia e sobre a capacidade dos movementos de extrema dereita para adaptar as súas mensaxes ás novas formas de comunicación e á cultura popular.

En definitiva, a montaxe **pretende espertar unha mirada crítica e reivindicar a democracia, a igualdade e os dereitos humanos** como ferramentas fundamentais para facer fronte aos discursos machistas, xenófobos e totalitarios que están a gañar espazo na sociedade.








Nos tempos convulsos que toca vivir
hai límites que hai que trazar,
saber ata onde hai que consentir
e canto non tolerar.







SINOPSE

Canto hai de fascista na nosa sociedade? Na nosa contorna? E en nós mesmos? Podemos chamar fascismo a ese pensamento totalitario que agroma entre historias de Instagram, reels de TikTok, debates televisivos ou conversas cotiás?

Isto non é un acto político presenta a tres conferenciantes que, nunha provocadora charla TED musicada, explican as virtudes do fascismo como alternativa ás problemáticas do mundo contemporáneo. A través das súas palabras, accións e números musicais, van desgranando os mecanismos que utiliza o totalitarismo moderno para introducirse en todas as capas da sociedade e gañar presenza como unha opción política cada vez máis próxima.

Con humor, ironía e retranca, a peza explora o auxe dos movementos neofascistas e as razóns polas que cada vez máis persoas se senten atraídas por eles. Un inquietante manual que, baixo a aparencia dunha defensa do fascismo, acaba poñendo un espello diante do público e obrigándoo a revisar as súas propias certezas. Porque o fascista, quizais, non estea sempre tan lonxe como pensamos.



AUTORÍA

Escritora, dramaturga e ensaísta italiana, Michela Murgia (Sardeña, 1972 – Roma, 2023) é coñecida no seu país como "a autora dos dereitos" pola súa defensa dos dereitos sociais e da igualdade. Cunha ampla obra narrativa, ensaística e teatral, é autora de títulos como Acabadora, *O encontro* e *Futuro interior.* En 2018 publica *Instrucións para converterse en fascista*, o ensaio no que se basea Isto non é un acto político, no que aborda desde a ironía e o paradoxo os mecanismos de expansión do pensamento totalitario. A propia Murgia levou posteriormente o texto aos escenarios italianos, como actriz protagonista.


Ata a liberdade
nos queren roubar.
Aquí algo
hai que facer.



DRAMATURXIA E NARRATIVA

A dramaturxia de *Isto non é un acto político* parte do ensaio de Michela Murgia e da súa combinación de **ironía, paradoxo e provocación**. A versión de Tito Asorey e Manuel Cortés transforma o texto orixinal nunha conferencia escénica de carácter performativo, achegada á realidade galega e española e adaptada ao contexto político e social actual.

Un dos principais retos é **pasar do ensaio á acción escénica**. A voz única do texto divídese en tres personaxes de idades e personalidades diferenciadas —un home maduro, unha muller de mediana idade e unha muller nova— que presentan ante o público as súas particulares instrucións para a expansión do pensamento totalitario.

A proposta incorpora tamén a **música como ferramenta dramatúrxica**, transformando a conferencia nun espectáculo musical no que as cancións, os gags e a acción escénica contribúen ao dinamismo e á capacidade de interpelación da peza.

Finalmente, a versión actualiza e localiza o texto de Murgia, incorporando referencias á realidade política e social contemporánea e ás novas formas de propaganda e espectacularización. Porque a realidade cambia a unha velocidade **que obriga tamén ao teatro a mirar o presente e dialogar con el.**

PROPOSTA ESCÉNICA

A proposta escénica de *Isto non é un acto político* parte dun xogo de confrontación directa co público. Tres persoas convencidas de que o totalitarismo é a resposta aos problemas do presente amosan, cunha forte vocación de espectáculo, as fendas da nosa sociedade polas que o fascismo pode introducirse e desprazar a democracia. A peza non busca ofrecer un relato cómodo de bos e malos, senón colocar un espello diante do público e facelo **participar do xogo desde a ironía e o paradoxo.**

O espectáculo adopta o **formato dunha conferencia-espectáculo musical**, na que palabra, humor, música, iluminación e vídeo se combinan para crear unha experiencia dinámica, gozosa e profundamente performativa. Os personaxes non son caricaturizados: son eles mesmos os que caricaturizan os demócratas e defenden as súas ideas, obrigando ao público a adoptar unha mirada crítica sobre aquilo que está a observar.

O **espazo escénico bebe do universo das charlas TED**, cun deseño diáfano no que a palabra ocupa o centro. Unha **pantalla semicircular amplía a escena con diferentes tipos de proxeccións:** materiais documentais, imaxes abstractas, textos, letras das cancións e cámara en directo. Todo está pensado para reforzar o discurso e, ao mesmo tempo, para subliñar que os conferenciantes falan constantemente para as cámaras e para as redes sociais.

O vestiario combina elegancia e pragmatismo, cunha imaxe de éxito accesible e próxima ao público, incorporando nalgúns momentos elementos vinculados a un pasado presentado como "glorioso". A iluminación acompaña as distintas secuencias e transforma a atmosfera do espazo, mentres **a música ten un papel decisivo,** reforzando a comicidade, o ritmo e a dimensión espectacular da proposta.

O resultado é un **dispositivo escénico contemporáneo, atractivo e especialmente conectado cos códigos audiovisuais e dixitais do presente**, que utiliza precisamente as ferramentas da espectacularización para reflexionar sobre como estas poden ser empregadas para difundir e normalizar determinadas ideoloxías.




Xuntémonos todos,
pasemos á acción,
Aquí algo hai
que facer.

O EQUIPO



DIRECTOR E DRAMATURGO

TITO ASOREY

Licenciado en Historia e Arte Dramática (Dirección de Escena) e con Máster en Artes Escénicas, como director realizou máis de trinta espectáculos para compañías e institucións como o Centro Dramático Galego, Ainé, Sarabela ou Talía Teatro. É cofundador das compañías ilMaquinario Teatro, coa que realizou os espectáculos *O Home Almofada*, *Perplexo e Resaca*, e A Quinta do Cuadrante, coa que puxo en escena as pezas *O empapelado amarelo*, *A lúa vai encuberta* e *Continente María*. Recentemente, destacan entre os seus traballos Hamlet, para o Centro Dramático Galego, e Non pasarán, con Ártika Cía. Conta con tres Premios Nacionais de Teatro "Buero" e oito Premios María Casares, ademais de diversas candidaturas aos Premios MAX e aos Premios da ADE. As súas montaxes foron presentadas en festivais de España, Portugal, Francia, Colombia e Uruguai.

O ELENCO

MARCOS ALONSO

Actor e director especializado en teatro familiar e musical, con máis dunha década de experiencia. Cofundador de proxectos escénicos para novos públicos, dirixiu espectáculos como *A illa da deslembranza*, *Pumpum! Quen hai?*, *A Libraría Máxica* ou *O libro da selva, o musical*. A súa versatilidade permítelle adaptarse a diferentes estilos de teatro, desde o musical ata a comedia e o drama. A súa metodoloxía aposta pola integración de linguaxes contemporáneas, o traballo corporal e a interacción co público.

ROCÍO SALGADO

Actriz formada na ESAD de Galicia cunha ampla experiencia en teatro musical e familiar. Participou en montaxes como *O Mago de Oz*, *Fantastiks*, *Hansel e Gretel*, *Ummm!! Unha comedia musical para chupar os dedos*, *Carapuchiña vermella, o musical*, *O libro da selva, o musical* e *Non pasarán.* Completa o seu perfil cunha sólida preparación en danza, canto e dobraxe.

FERNANDA BARRIO

Actriz e creadora formada no IMTA de Bos Aires, cunha traxectoria que abarca desde musicais como *O Mago de Oz* ou *O libro da selva, o musical* ata microteatro, manipulación de monicreques e dirección de escena. Versátil e internacional, destaca pola súa capacidade para adaptarse a estilos diversos e conectar con públicos moi distintos.



O EQUIPO ARTÍSTICO E TÉCNICO



DRAMATURXIA

MANUEL CORTÉS
Actor, escritor e guionista, desenvolve boa parte da súa traxectoria teatral vinculado ao Grupo Chévere, no que participa desde 1992 na maior parte das montaxes da compañía. Ten traballado tamén con compañías como Voadora, Redrum, Mofa e Befa ou Ainé. En 2025 estrea *O último home*, espectáculo de texto e interpretación propia producido por Ainé. Xa ten participado man a man na dramaturxia con Tito Asorey en *Códice K*, de Ainé.

ESCENOGRAFÍA

CARMEN CASAL (AS DÚAS E PUNTO)
Deseñadora escénica, desenvolve proxectos para teatro, música e propostas multidisciplinares, así como intervencións en espazos, pasarelas e videoclips. Entre os seus traballos destacan Heroes en decembro de Ancoraxe; *A Burra, a Mesa e o Pau*, do Centro Dramático Galego; e *Sophie non é o meu nome de guerra*, de Redrum Teatro. No ámbito musical, participa en propostas de artistas como Mondra e De Vacas, e no audiovisual traballa na dirección artística e escenografía de videoclips de Fillas de Cassandra.

ILUMINACIÓN

MARÍA TORRES (AS DÚAS E PUNTO)
Profesional da iluminación e a videocreación, participa en diferentes producións teatrais e musicais. Entre os seus traballos destacan A Burra, a Mesa e o Pau, do Centro Dramático Galego; *Sophie non é o meu nome de guerra*, de Redrum Teatro; *Dique*, de Nova Galega de Danza; *Héroes en decembro*, de Ancoraxe, *Vacanal Sinfónica*, de De Vacas, ou *De Ronda*, de Mondra.

VIDEOCREACIÓN

BERTO LOZANO
Formado en audiovisuais e guión, desenvolveu traballos como director de videoclips, curtametraxes e unha mediometraxe documental. Actualmente centra a súa actividade na videocreación, especialmente vinculada ás artes escénicas, a música e as visuais en directo. Traballou con artistas e proxectos como Rebeliom do Inframundo, Trilitrate, Raposa, De Vacas e Budiño.

MÚSICA ORIXINAL

XAVIER BÉRTOLO
Licenciado en Piano e Música Moderna pola ESMAE de Porto, é profesor de piano na ESMU de Vigo. No ámbito audiovisual compuxo bandas sonoras para curtametraxes e documentais, entre elas *Todo por Galactus, 16 de Decembro* e *Augas Abisais.* Nos últimos anos colabora con Tito Asorey na creación da música orixinal de *O empapelado amarelo, Go Home, Non Pasarán* e *Hamlet.*

PRODUCIÓN E DISTRIBUCIÓN

ANXO FERNÁNDEZ
Xestor cultural cunha formación sólida en produción teatral, márketing e dirección de industrias culturais e creativas. Participou en montaxes como *Non pasarán, A illa da deslembranza* ou *Cambio de foco*, e colaborou con Teatro Avento en espectáculos premiados como *Ummm!! Unha comedia musical para chupar os dedos*. Tamén forma parte da programación e produción da Sala Ártika.

FICHA TÉCNICA

DIRECCIÓN
Tito Asorey

DRAMATURXIA
Tito Asorey e Manuel Cortés

ELENCO
Marcos Alonso, Rocío Salgado e Fernanda Barrio

DESEÑO DE ILUMINACIÓN
María Torres (As dúas e Punto)

VIDEOCREACIÓN
Berto Lozano

COMPOSICIÓN MUSICAL E ESPAZO SONORO
Xavier Bértolo

DESEÑO DE ESCENOGRAFÍA
Carmen Casal (As dúas e Punto)

DESEÑO DE VESTIARIO
As dúas e Punto

PRODUCIÓN E DISTRIBUCIÓN
Anxo Fernández

DESEÑO GRÁFICO E FOTOGRAFÍA
The Office Comunicacion

CONTIDO DE COMUNICACIÓN
The Office Comunicacion

VÍDEOS PROMOCIONAIS
Jairo Iglesias

ISTO NON É UN ACTO POLÍTICO

ÁRTIKA
espazo cultural

CONTACTO / DISTRIBUCIÓN
627 165 468 - artikacia@artikavigo.com

www.artikavigo.com